

Levando por título *Crea Interior*, a segunda das nove mostras sobre emprendemento xuvenil que compoñen o Programa Conecta da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, celebrarase o vindeiro sábado, 14 de abril, no concello pontevedrés de Vila de Cruces converténdoo na capital galega do emprendemento e a creatividade xuvenil.

Coa consigna *Creatividade e emprendemento: o futuro dos concellos do interior nas mans da xuventude* artéllase unha xornada ateigada de actividade para todos os públicos e para todos os gustos. Ponencias, debates, espazos para a creatividade, o emprego e o emprendemento nos concellos do interior comporán o plan de actividades deste catorce de abril.

As actividades de mañá terán lugar no Auditorio da parroquia cruceña de Merza, xa á hora de xantar e para a realización das actividades de tarde achegarémonos á área recreativa da Carixa.

O escritor Neira Vilas ou a estrela da cociña galega, Marco Varela formarán parte do elenco de poñentes e invitados a este evento. A nómina de invitados complétase cos seguintes nomes de variado perfil profesional e persoal que trasladarán aos mozos e mozas que decidan achegarse as súas experiencias e compartirán con eles a súa visión da situación actual da mocidade en vilas e concellos pequenos. Cómo emprender no teu concello, cales son as vantaxes do cooperativismo, de qué maneira o turismo activo e de interior ofrece oportunidades de futuro, qué retos e oportunidades se nos presentan aos mozos para emprender en tempos de crise ou de qué maneira a participación xuvenil se pode converter nunha ferramenta emprendedora son algunhas das preguntas que tratarán de respostar os nosos convidados. Os perfís dos poñentes son tan variados como os temas que tratarán.

O tempo de ponencias, coloquios e debates complementarase con diversas actividades paralelas:

- Mostra do traballo de entidades xuvenís.
- Espazos para a creatividade, o emprendemento, o emprego e o ocio.
- Talleres

Todo isto disposto de maneira diáfana e aproveitando o privilexiado espazo que nos ofrece a área recreativa da Carixa e o Auditorio de Merza.

Máis información en

[http://xuventude.xunta.es/uploads/novas/2012/abril\\_2012/Programa\\_crea\\_interior.pdf](http://xuventude.xunta.es/uploads/novas/2012/abril_2012/Programa_crea_interior.pdf)

e podes anotarte no seguinte enlace <http://xuventude.xunta.es/inscripcion-crea-interior-miradas-cara-adentro.html>